

## Acta da Xunta de Escola extraordinaria do 15 de xaneiro de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 15/01/2020
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 15/01/2020

Ábrese a sesión ás 13 horas e 30 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase o único punto da orde do día:

### 1. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

A Directora agradece a asistencia das persoas asistentes e felicítalles o novo ano. A continuación explica que o motivo desta convocatoria extraordinaria é que se recibiron dúas solicitudes de informe para recoñecemento de quinquenio de docencia; ambas dun profesor do CUD. Sinala que o procedemento e os prazos neste centro son diferentes aos da Universidade de Vigo, rematando o prazo de presentación de solicitudes neste centro o 24 de xaneiro.

NOME	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Iván Puento Luna	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	01/12/2010 ao 30/11/2014
Iván Puento Luna	Prospección e Investigación Mineira	Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	25/02/2015 ao 31/07/2015

Así mesmo, comenta que se comprobou que nos períodos solicitados non consta ningunha incidencia rexistrada polo que propón emitir informe favorable.

A Xunta de Escola aproba por asentimento emitir informe favorable sobre a actividade docente para as solicitudes recibidas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a quince de xaneiro de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

**ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 15/01/2020**

## **ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 15/01/2020**